



CONCELLO DE TOQUES

## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

### **MEMORIA E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN**

Dada a necesidade deste concello de realizar as obras de rehabilitación e mellora “CAMIÑO DA BALOIRA ( BRAÑAS ) E OUTROS” xa que se trata dun camiño público que está moi deteriorado no seu pavimento e que necesita dunha rehabilitación integral no seu conxunto.

Considerando que se trata dun camiño público que ten un uso elevado xa que da acceso a diferentes núcleos de poboación;

Visto que se trata dunha actuación financiada o 100% pola Deputación Provincial de A Coruña, o cal non produce alteracións orzamentarias en canto a regra de gasto e estabilidade orzamentaria;

Despois de ver o proxecto de obras de “CAMIÑO DA BALOIRA ( BRAÑAS ) E OUTROS )” cun orzamento que ascende a 89.180,35 euros, e unha vez realizada a implantación da obra.

O importe do contrato ascendería á cantidade de 73.702,77 euros de execución material ( valor estimado do contrato ) e 15.477,58 euros de IVE.

O valor estimado total do contrato ( incluída o límite máximo de modificación do contrato, que é o 20%, e o límite máximo de aumento de medicións, que é do 10% ) ascende a 95.813,60 euros

Dada a característica da obra, parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento aberto simplificado.

Por todo isto, **DISPOÑO:**

**PRIMEIRO.** Que o interventor emita un informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente para os efectos de determinar o órgano competente para contratar.

**SEGUNDO.** Que Secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir.

En Toques, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;